

PXOFG PROTECCIÓN, XESTIÓN E
ORDENACIÓN DA PAISAXE
EN GALICIA

Xornada de reflexión, participación e debate sobre a futura Lei de Protección da Paisaxe de Galicia e implementación do Convenio Europeo da Paisaxe

Xosé Benito Reza e Albert Cortina [Editores]

XUNTA DE GALICIA



PROTECCIÓN, XESTIÓN E
ORDENACIÓN DA PAISAXE
EN GALICIA

Xornada de reflexión, participación e debate sobre a futura
Lei de Protección da Paisaxe de Galicia e implementación
do Convenio Europeo da Paisaxe



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Xornada de reflexión, participación e debate sobre a futura Lei de Protección da Paisaxe de Galicia e implementación do Convenio Europeo da Paisaxe

A identificación e avaliación das paisaxes. A experiencia dos catálogos da paisaxe en Cataluña

Sr. Pere Sala

Coordinador técnico do Observatorio da Paisaxe de Cataluña

Bos días, en primeiro lugar gustaríame agradecer a invitación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta. Súmome ao entusiasmo expresado nos relatorios que me precederon: en Cataluña sabíamos que tiñamos un compañeiro de viaxe nos traballos de implementación do Convenio Europeo da Paisaxe, que é Galicia (así como outras Comunidades Autónomas), pero ademais estamos moi contentos de saber que quizais o Observatorio da Paisaxe de Cataluña terá aquí un irmán. E se isto é así, ábrense moitas oportunidades para a colaboración en beneficio das nosas paisaxes e da súa diversidade.

Afortunadamente, conséctase un incremento na sensibilización paisaxística por parte da sociedade, este foro de hoxe é un exemplo. Pero os procesos de degradación paisaxística aínda avanza máis rapidamente. É neste contexto no que nace a Lei da Paisaxe de Cataluña. O primeiro resultado e o máis visible da aprobación da Lei de Paisaxe foi a creación do Observatorio da Paisaxe de Cataluña, activo dende o 1 de marzo de 2005. Creouse co obxectivo básico e xenérico de observar as paisaxes de Cataluña; é dicir, o estudo, a identificación, o seguimento, a documentación, a divulgación das paisaxes catalás e das súas transformacións, sen que isto implique deixar de lado outras paisaxes ou, sinxelamente, reflexionar sobre a paisaxe de forma xenérica. Trátase dun ente de asesoramento á Generalitat de Cataluña, á administración en xeral e tamén de concienciación á sociedade en materia de paisaxe. Dende a súa creación, diríxelo Joan Nogué, catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Xirona.

O Observatorio da Paisaxe de Cataluña postúlase como un punto de encontro entre a administración, en todos os seus niveis, as Universidades, os colectivos profesionais, o conxunto da sociedade, en todo aquilo que estea relacionado coa paisaxe. É, por tanto, un centro de pensamento e de acción sobre a paisaxe que tende, en xeral, a converterse no gran paraugas no que calquera persoa interesada pola paisaxe poida abeirarse.

As funcións do Observatorio da Paisaxe, que emanan dos Estatutos de constitución, son as seguintes:

- Establecer criterios para a adopción de medidas de protección, xestión e ordenación da paisaxe.
- Fixar criterios para establecer os obxectivos de calidade paisaxística e as medidas e accións necesarias destinadas a lograr estes obxectivos.
- Establecer mecanismos de observación da evolución e transformación da paisaxe.
- Proponer actuacións orientadas á mellora, restauración ou creación de paisaxe.
- Elaborar os Catálogos de Paisaxe de Cataluña destinados a identificar, clasificar e cualificar as distintas paisaxes existentes.
- Impulsar campañas de sensibilización social respecto á paisaxe, a súa evolución, as súas funcións e a súa transformación.

- Difundir estudos e informes e establecer metodoloxías de traballo en materia de paisaxe.
- Estimular a colaboración científica e académica en materia de paisaxe, así como os intercambios de traballos e experiencias entre especialistas e expertos de universidades e outras institucións académicas e culturais.
- Facer o seguimento das iniciativas europeas en materia de paisaxe.
- Organizar seminarios, cursos, exposicións e conferencias, así como publicacións e programas específicos de información e formación sobre as políticas de paisaxe.
- Crear un centro de documentación aberto a todos os cidadáns e cidadás de Cataluña.

O Observatorio da Paisaxe ten outra función establecida pola Lei de Paisaxe. Debe elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Cataluña, que será presentado ao Parlamento de Cataluña por parte do Goberno catalán.

O Observatorio da Paisaxe organízase en forma de consorcio e integra máis de trinta entidades. O Consello Reitor é o órgano superior do Consorcio. Asume o goberno, a dirección superior, a administración, a orientación e a definición das grandes liñas de actuación do Consorcio. Está presidido polo Conselleiro do Departamento de Política Territorial e Obras Públicas da Generalitat de Cataluña. Forman parte do consorcio a Generalitat de Cataluña (co Departamento de Política Territorial e Obras Públicas ao fronte), as universidades catalás, as catro deputacións, as dúas asociacións municipalistas catalás, os colexios profesionais máis directamente vinculados co tema, a Fundación 'Territori i Paisatge' da 'Caixa de Catalunya' e o Concello de Olot, en tanto que sede técnica do Observatorio (a sede social está en Barcelona).

O Consello Reitor réunese dúas ou tres veces ao ano. É o órgano que aproba o orzamento do Observatorio, o plan de traballo e define as liñas de traballo. Esta estrutura en forma de consorcio dá cabida a todo tipo de voces e de sensibilidades, e esta fórmula está resultando positiva nun ente que ten a responsabilidade de despregar as funcións que mencionei anteriormente.

Membros do Consello Reitor do Observatorio da Paisaxe

- | | |
|--|---|
| - Departament de Política Territorial i Obres
Públiques | - Diputació de Barcelona |
| - Departament d'Economia i Finances | - Diputació de Girona |
| - Departament d'Agricultura, Ramaderia i Pesca | - Diputació de Lleida |
| - Departament de Medi Ambient i Habitatge | - Diputació de Tarragona |
| - Departament d'Universitats, Recerca i Societat
de la Informació | - Federació de Municipis de Catalunya |
| - Departament de Comerç, Turisme i Consum | - Associació Catalana de Municipis |
| - Departament de Cultura | - Col·legi d'Arquitectes de Catalunya |
| - Departament de Governació i Administracions
Públiques | - Col·legi de Biòlegs de Catalunya |
| - Departament de Treball i Indústria | - Col·legi de Geògrafs de Catalunya |
| - Universitat Autònoma de Barcelona | - Col·legi d'Enginyers de Monts/Forests de
Catalunya |
| - Universitat de Barcelona | - Col·legi d'Enginyers de Camins, Canals i Ports |
| - Universitat Politècnica de Catalunya | - Col·legi d'Enginyers Agrònoms de Catalunya |
| - Universitat de Girona | - Col·legi d'Ambientòlegs de Catalunya |
| - Universitat de Lleida | - Col·legi de Geòlegs de Catalunya |
| - Universitat Rovira i Virgili | - Col·legi Oficial d'Enginyers Tècnics Agrícoles
de Catalunya. |
| - Universitat Oberta de Catalunya | |
| - Ajuntament d'Olot | - Fundació Territori i Paisatge. |

O Observatorio da Paisaxe dispón tamén dun Consello Asesor do que forman parte colectivos sociais diversos e, a título individual, científicos e profesionais vinculados coa temática paisaxística do resto de España e de Europa.

Membros do Consello Asesor do Observatoria da Paisaxe

- >Institucións e asociacións científicas e de investigación
 - Societat Catalana d'Ordenació del Territori (filial del Institut d'Estudis Catalans)
 - Societat Catalana de Geografia (filial del Institut d'Estudis Catalans)
 - Institució Catalana d'Història Natural (filial del Institut d'Estudis Catalans)
 - Institució Catalana d'Estudis Agraris (ICEA)
- >Fundacions e asociacións ecoloxistas, ambientais e agrícolas
 - DEPANA
 - Federació Ecologistes de Catalunya (EdC)
 - Xarxa de Custòdia del Territori
 - Fundació Natura
- >Persoas físicas
 - Dr. Georges Bertrand, profesor emérito de xeografía da Universit  Toulouse Le Mirail
 - Sr. Eduardo Mart nez de Pis n, catedr tico de xeograf a f sica Universidade Aut noma de Madrid
 - Sr. Florencio Zoido Naranjo, catedr tico de xeograf a da Universidade de Sevilla
 - Sr. Paolo Castellnovi, profesor da Facolt  di Architettura Politecnico di Torino
 - Sr. Riccardo Priore, Consello de Europa
 - Sra. Maguelonne D jeant-Pons, responsable do Convenio Europeo da Paisaxe, Consello de Europa
 - Sra. Margarita Ortega, Ministerio de Medio Ambiente
- >Entidades econ micas e empresariais
 - Asociaci n Empresarial Catalana de Publicitat
 - Consell General de Cambres de Comer , Ind stria i Navegaci  de Catalunya
 - Foment de Treball Nacional
 - Associaci  de Promotors i Constructors de Catalunya
 - Federaci  Catalana de Pesca Esportiva i C sting
 - Federaci  Catalana de Ca a
 - Reial Autom bil Club de Catalunya (RACC)
- >Entes p blicos, consorcios p blicos e privados
 - Consorci Forestal de Catalunya
 - Institut del Paisatge Urb  i la Qualitat de Vida
- >Sindicatos
 - Comisi n Obreres (CCOO).
 - Uni  General de Treballadors (UGT).
 - Uni  de Pagesos
 - Institut Agr cola Catal  de San Isidre
 - Joves Agricultors i Ramaders de Catalunya JARC
- >Entidades excursionistas
 - Federaci  d'Entitats Excursionistes de Catalunya
 - Centre Excursionista de Catalunya
 - Uni  Excursionista de Catalunya
- >Entidades educativas e culturais
 - Consell Escolar de Catalunya
 - UnescoCAT

A principal actividade do Observatorio da Paisaxe nestes momentos é a elaboración dos Catálogos da Paisaxe de Cataluña, pero o Observatorio tamén ten outras liñas de traballo en marcha, entre as cales destacan:

> O traballo principal do Observatorio dende a súa creación é a elaboración dos Catálogos de Paisaxe de Cataluña, aos que me referirei máis adiante. Recordemos agora, simplemente, que os catálogos de paisaxe son uns documentos de carácter técnico que a Lei de protección, xestión e ordenación da paisaxe concibe como ferramentas para a ordenación e a xestión da paisaxe dende a perspectiva da formulación territorial.

> A Web do Observatorio (www.catpaisatge.net), que se pode consultar en catro idiomas (catalán, español, inglés e francés). Este espazo, que nace coa pretensión de ser unha referencia para calquera persoa interesada na paisaxe en Cataluña, proporciona información sobre as actividades do Observatorio, as políticas de paisaxe, conferencias e actividades relacionadas coa paisaxe e información sobre institucións españolas, europeas e internacionais que tratan a paisaxe dende distintas perspectivas, publicacións de referencia e estudos universitarios vinculados co tema. A web do Observatorio da Paisaxe constitúe agora mesmo o principal escaparate da actividade do Observatorio e a principal ferramenta de información e sensibilización da poboación da que dispón o Observatorio.

> Na mesma liña coa web, o Observatorio dispón de dous boletíns electrónicos. O primeiro que se deseñou foi o Dietari de Paisatge (Dietario de Paisaxe), boletín que recolle semanalmente dende maio de 2005 noticias sobre paisaxe publicadas nos principais medios de comunicación escritos do mundo, destinado a persoas especializadas en paisaxe ou con responsabilidades na xestión. O segundo boletín, Paisatg-e (Paisax-e), inaugurado en setembro de 2006, de difusión máis ampla, inclúe opinións de expertos en paisaxe a nivel internacional, noticias relacionadas co Observatorio, novidades destacadas sobre paisaxe ao redor do mundo, normativa, artigos de interese aparecidos na prensa, axenda de actividades, seminarios e conferencias.

> O Observatorio tamén traballa en coordinación e a iniciativa da Generalitat de Cataluña na elaboración de material didáctico para a educación secundaria obrigatoria co título "Cidade, territorio e paisaxe". Preténdese que os alumnos da segunda

etapa da ESO, a través deste material innovador, non só coñezan a diversidade de paisaxes cataláns, senón tamén que sexan conscientes dos seus riscos e ameazas. Ademais do material impreso para as aulas, a web do Observatorio da Paisaxe será unha vía fundamental de difusión destes e outros materiais didácticos que están en proceso de preparación. Durante o curso 2006-2007 dez escolas de Cataluña están a desenvolver unha experiencia piloto destes materiais que se xeneralizará a todos os institutos de Cataluña a partir do curso 2007-2008.

> Outras iniciativas nesta mesma liña da formación e sensibilización son a realización de cursos e seminarios sobre paisaxe (como "Paisaxe e Saúde", que reflexionou sobre os efectos positivos dunha paisaxe ordenada e de calidade sobre a saúde física e mental, así como o benestar individual e social), ou a preparación de exposicións sobre a paisaxe de Cataluña (en colaboración coa Dirección Xeral de Difusión do Departamento da Presidencia e o Departamento de Política Territorial e Obras Públicas da Generalitat de Cataluña).

> O Observatorio dispón dun Centro de Documentación que aspira a converterse no centro de información por excelencia en Cataluña en temas de paisaxe nun sentido amplo e en especial en todo o referente á planificación e xestión desta en Cataluña, no resto do Estado, en Europa e a escala internacional, por esta orde. Para a súa maior difusión, parte do fondo de documentación do Centro será en formato dixital e poderá ser consultado a través da web do Observatorio da Paisaxe.

A partir deste punto vou centrarme nos Catálogos da Paisaxe, instrumento creado pola Lei da Paisaxe co obxectivo de introducir a paisaxe na Planificación Territorial. Este é un obxectivo ambicioso e é ademais un reto pola súa complexidade: todos coñecemos perfectamente as dificultades, as problemáticas ou os diferentes intereses, iso si, todos lexítimos, que hai detrás da xestión do territorio ou da ordenación da paisaxe.

A Lei define os Catálogos de Paisaxe de Cataluña como os documentos de carácter descritivo e prospectivo que determinan as diferentes paisaxes de Cataluña, identifican os seus valores -patentes e latentes- e estado de conservación, propoñen obxectivos de calidade que deben cumprir e as medidas para conseguilo. Son, por tanto, unha ferramenta extremadamente útil para a implementación de políticas de paisaxe, especialmente a integración de obxectivos

paisaxísticos nas estratexias territoriais, coa convivencia e participación activa de todos os axentes sociais que interveñen no territorio. Este último aspecto é importante en canto que implica a sociedade catalá no seu conxunto na xestión e planificación da súa propia paisaxe.

Os Catálogos de Paisaxe son, por tanto, as ferramentas que permiten coñecer como é a paisaxe de Cataluña e que valores contén, que factores explican que teñamos un determinado tipo de paisaxe e non outro, como evoluciona esta paisaxe en función das actuais dinámicas económicas, sociais e ambientais e, finalmente, que tipo de paisaxe queremos e como podemos conseguilo. Isto significa que os Catálogos de Paisaxe achegan información de grande interese sobre todas as paisaxes catalás, os seus valores existentes e aqueles que podemos potenciar e contribúen desta forma á definición e aplicación dunha nova política de paisaxe en Cataluña.

O Observatorio da Paisaxe é o órgano responsable de elaborar os Catálogos de Paisaxe, previo encargo do Departamento de Política Territorial e Obras Públicas da Generalitat de Cataluña. A elaboración dos Catálogos de Paisaxe coincide cos traballos de redacción ou de revisión dos Plans Territoriais Parciais (ou dos Plans Directores Territoriais) que realiza este mesmo Departamento. Dada a magnitude do proxecto, o Observatorio precisa da colaboración de equipos de traballo interdisciplinarios formados por especialistas nos ámbitos da análise da paisaxe, a participación e comunicación e a planificación, coordinados e supervisados polos técnicos do Observatorio.

Nestes momentos o Observatorio elaborou dous Catálogos de Paisaxe dun total de sete. Son os do Camp de Tarragona e da Plana de Lleida. ¿Por que sete? Porque é o número de áreas funcionais de Cataluña nas que o Departamento de Política Territorial e Obras Públicas está elaborando os plans territoriais parciais. Tal e como a Lei establece, cada plan territorial parcial disporá do seu Catálogo de Paisaxe correspondente.

Xa hai dous catálogos presentados ao Departamento de Política Territorial e Obras Públicas e nestes momentos iniciamos tres máis, concretamente o mes de xuño pasado: comprenden o Alt Pirineu i Aran, as Comarques Gironines e as Terres de l'Ebre. Tamén vai empezar, o próximo ano 2007, o Catálogo de Paisaxe da Rexión Metropolitana de Barcelona, un territorio realmente complexo, e déixase para o ano 2008 o Catálogo das Comarcas

Centrais, para así completar definitivamente as sete zonas. Preténdese con este proceso dispoñer dun exhaustivo diagnóstico paisaxístico e de obxectivos de calidade paisaxística para toda Cataluña.

Unha vez o Observatorio da Paisaxe recibiu a encarga da Generalitat de Cataluña de elaborar os Catálogos de Paisaxe, formulouse as seguintes preguntas: ¿Como deben ser os Catálogos de Paisaxe? ¿A que escala de traballo se deben elaborar? ¿Que contidos deben incluír, máis alá do que establece a Lei de paisaxe? ¿Que tipo de valores deben identificar? ¿Como avalialos? ¿Como situar ao mesmo nivel os elementos naturais da paisaxe, os culturais e os perceptivos? ¿Como se definen na práctica os obxectivos de calidade paisaxística e como se traducen os obxectivos de calidade paisaxística en directrices útiles para o planeamento territorial e urbanístico?

Estas e outras dúbidas, engadidas ao carácter innovador da ferramenta e á súa transcendencia na planificación territorial en Cataluña, impulsaron o Observatorio da Paisaxe a preparar un prototipo de catálogo de paisaxe que establece un marco común de traballo para a elaboración dos sete catálogos dunha forma coherente e coordinada. Este documento, titulado Prototipo de Catálogo de Paisaxe. Bases conceptuais, metodolóxicas e procedimentais para a elaboración dos Catálogos de Paisaxe de Cataluña, púxose á consideración de máis de setenta institucións, grupos de investigación e expertos en paisaxe co fin de obter o máximo consenso posible antes de proceder á súa aplicación. O documento está dispoñible na web do Observatorio da Paisaxe e recolle todos os criterios para a elaboración dos Catálogos.

Como lles dixen antes, o obxectivo fundamental é introducir a paisaxe na planificación territorial. Neste sentido, en Cataluña existe o Plan Territorial Xeral, que define os obxectivos de equilibrio territorial para Cataluña e del derivan os sete plans territoriais parciais. Á súa vez, os plans territoriais parciais planifican tres sistemas: o sistema de asentamentos urbanos (todo aquilo que está urbanizado, como os núcleos urbanos, os polígonos industriais), o sistema de espazos abertos (as zonas que non están construídas) e o sistema de infraestruturas de mobilidade.

Como mencionei antes, os Catálogos de Paisaxe deben orientar a integración da

paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial en Cataluña a distintas escalas, dende os plans territoriais parciais ata o planeamento urbanístico, pasando tamén polos plans directores territoriais e os urbanísticos. Neste sentido, segundo determina a propia Lei de protección, xestión e ordenación da paisaxe de Cataluña, a clasificación e caracterización das paisaxes que emanan del, así como os obxectivos de calidade asociados a cada un deles, incorporaranse con carácter normativo como directrices da paisaxe nos sete plans territoriais parciais que elabora o Departamento de Política Territorial e Obras Públicas da Generalitat de Cataluña e nos plans directores territoriais que o Departamento considere oportunos, previa consulta pública.


Por outro lado, serán os mesmos plans territoriais parciais e, segundo o caso, tamén os plans directores territoriais, os que determinen en que supostos as directrices da paisaxe serán de aplicación directa, de incorporación obrigatoria na modificación e revisión do planeamento urbanístico, ou ben cando constituirán unicamente recomendacións para o planeamento urbanístico e para outros plans ou programas de natureza sectorial relacionados coa paisaxe. Dende o punto de vista do planeamento urbanístico, os catálogos de paisaxe concíbense como ferramentas de grande utilidade para técnicos en urbanismo e para os representantes das Comisións Territoriais de Urbanismo, xa que se dotarán de criterios e recomendacións en clave paisaxística moi útiles para o desenvolvemento de determinados proxectos.

O procedemento de introdución das directrices de paisaxe estase deseñando nestes momentos por parte do Departamento de Política Territorial e Obras Públicas, coa colaboración do Observatorio da Paisaxe.

Unha vez que o Observatorio da Paisaxe elaborou os catálogos e os presentou ao Departamento de Política Territorial, este último organismo debe levarlos a información pública para despois aprobalos. A aprobación realízaa o Conselleiro. Por tanto, é finalmente o Departamento de Política Territorial, segundo a lei, o que, a partir dos Catálogos de Paisaxe, realiza a proposta final de directrices que se van introducir nos programas territoriais, en colaboración co Observatorio da Paisaxe.

Nestes momentos establecemos un diálogo coa Secretaría Xeral de Planificación Territorial deste Departamento para discutir como converter os criterios e propostas dos dous primeiros Catálogos en directrices de paisaxe.

> Proceso de integración das directrices da Paisaxe



Pero máis alá da súa utilidade para o planeamento territorial, os catálogos de paisaxe teñen tamén outras funcións sumamente importantes, aínda que a súa aplicación nestes ámbitos depende en gran medida doutros axentes. Por exemplo, constitúen unha base sólida para a definición de estratexias específicas de paisaxe para determinados territorios de Cataluña, como as Cartas da Paisaxe, de aplicación municipal, supramunicipal ou comarcal. Tamén poden actuar de documento de base para campañas de sensibilización sobre a diversidade paisaxística de Cataluña e os seus valores ambientais, culturais e estéticos, e para a inserción da paisaxe en distintos niveis da ensinanza en Cataluña. Son á vez útiles no proceso de definición de políticas e estratexias sectoriais, como por exemplo as políticas de conservación da natureza (política de espazos naturais, de conectores ecolóxicos), as políticas agrarias en clave de sostibilidade, as políticas de desenvolvemento rural ou as políticas de promoción turística asociada á paisaxe. Finalmente, outra función importante que desempeñan é a de proporcionar obxectivos de calidade paisaxística e a información paisaxística necesaria para os procesos de avaliación ambiental estratéxica de políticas, plans e programas, para os estudos de impacto ambiental de proxectos con incidencia sobre o territorio, así como para os estudos de impacto paisaxístico que establece a Lei de urbanismo.

Imos entrar xa na metodoloxía para elaborar os catálogos de paisaxe. Consta de cinco pasos moi diferenciados. O primeiro é a identificación de Unidades de Paisaxe, é dicir, aquelas partes do territorio que teñen características paisaxísticas similares, e tamén a súa caracterización, isto é o estudo da secuencia evolutiva de cada unidade de paisaxe, do estado de conservación actual, o inventario dos seus valores paisaxísticos, a descrición da dinámica xeral da paisaxe e dos factores naturais e socioeconómicos que interviñeron - e interveñen - na súa evolución e transformación, e a análise da posible evolución futura da paisaxe (tendo en conta a dinámica natural, o sistema de planificación actual, a normativa, a Política Agraria Comunitaria ou outras dinámicas). O segundo paso - a avaliación - consiste en estudar as ameazas e oportunidades para a protección, xestión e ordenación da paisaxe, en clave de sostibilidade, para cada unidade e paisaxe de especial atención. É importante neste punto analizar as respostas da administración e entidades, é dicir, os cambios de políticas públicas ou de actitudes individuais ou colectivas para diminuír a presión sobre a paisaxe e mellorar a súa calidade.


A terceira fase corresponde á definición de obxectivos de calidade paisaxística. Este é o momento da plasmación por parte das administracións públicas das aspiracións da colec-

tividade no referente ás características paisaxísticas do seu medio, despois de coñecer o seu estado, os seus valores e os seus riscos, tal e como establece o Convenio Europeo da Paisaxe. Nesta fase, a participación adquiriu un papel relevante. Os obxectivos de calidade paisaxística definidos polos equipos de traballo e os recollidos no proceso de participación cidadá defínense para todo o ámbito territorial (por exemplo, o Camp de Tarragona) e para cada unidade de paisaxe definida en cada ámbito territorial.

A cuarta fase consiste nunha proposta de medidas (criterios) e accións que son os que o Departamento de Política Territorial terá que converter máis adiante en directrices de paisaxe. Ambas as dúas están pensadas sobre todo para planificación territorial, pero tamén para a planificación sectorial (políticas de agricultura, políticas de conservación da natureza, políticas turísticas, políticas industriais...).

A quinta e última fase consiste no establecemento de indicadores de seguimento. Esta é unha fase que nos tería gustado ter terminada antes de presentar estes dous primeiros catálogos, pero non foi posible. Non nos está resultando fácil definir unha batería de indicadores de paisaxe dende un punto de vista non so territorial ou ecolóxico, senón tamén social, cultural ou máis perceptivo. Este é un debate común tamén noutras partes de Europa.

› Fases para a elaboración dos Catálogos da Paisaxe



A partir deste punto, gustárame destacar algúns aspectos dos catálogos de paisaxe de Cataluña que me parecen relevantes. O primeiro é a definición das Unidades de Paisaxe. Como lles dixen antes, trátase da porción de territorio caracterizada coa combinación específica de elementos paisaxísticos e de dinámicas, que confiren unha idiosincrasia diferenciada á do resto do territorio; esta é a definición de unidade de paisaxe establecida polo Observatorio da Paisaxe para a nova concepción da política de paisaxe en Cataluña. ¿Pero que entendemos por paisaxe? Cando falamos de paisaxe, asumimos a definición do propio Convenio Europeo da Paisaxe que nos di que é aquela área percibida pola poboación, a cal é o resultado da interacción dinámica entre os factores naturais (como a flora, a fauna) e os humanos (como as actividades económicas ou o patrimonio histórico). Pero a paisaxe tamén son os sentimentos e as emocións que espertan no momento de contemplalos e por tanto, a paisaxe é un produto social, é a proxección cultural dunha sociedade nun espazo determinado dende múltiples dimensións: dende a dimensión material que é a que percibimos, pero tamén dende unha dimensión espiritual como podería ser unha dimensión simbólica.

Así, a definición de paisaxe incorpora unha dimensión máis subxectiva e de aquí vén a importancia - tamén recoñecida no Convenio Europeo da Paisaxe - da participación pública. Dende o Observatorio damos moita importancia ao traballo dos expertos das universidades que redactan os Catálogos, pero tamén a damos ás opinións expresadas pola poboación consultada, á percepción que teñen os cidadáns sobre as súas paisaxes (as paisaxes próximas, as paisaxes vividas...).

Pois ben, este factor perceptivo está integrado nas vintedúas unidades de paisaxe definidas na Plana de Lleida (polo tanto, vintedúas paisaxes diferentes), ou nas vintenove do Camp de Tarragona. Así pois, ¿como chegamos a definir cada unha destas diferentes unidades de paisaxe? En primeiro lugar, mediante o estudo dos factores fisiográficos (como a hipsometría ou as pendentes, os hábitat, os usos e cubertas do solo...). Nesta primeira análise achegou aos equipos universitarios unha primeira definición de unidades que se completou co estudo de visibilidades, da dimensión histórica da paisaxe e a incorporación do sentido do lugar. O sentido do lugar, que se relaciona coa dimensión intanxible da paisaxe mencionada anteriormente, só se pode percibir falando coa poboación.

Outro aspecto que me gustaría destacar é a continuidade paisaxística entre ámbitos territoriais, como non podería ser doutro modo. Non ten sentido que as unidades de paisaxe

queden cortadas polos límites administrativos entre as comarcas dos dous ámbitos territoriais. Conseguiu isto implicou un esforzo especial de coordinación dos equipos que elaboraron o catálogo para poñerse de acordo para que os límites entre as unidades "transfronteirizas" coincidisen.

Seguindo a metodoloxía do Prototipo comentado anteriormente, á parte das unidades de paisaxe tamén se definiron unhas paisaxes de atención especial. As paisaxes de interese especial son paisaxes que van máis alá da diferenciación clara entre as unidades de paisaxe e pretenden reflectir partes do territorio con singularidades paisaxísticas ou zonas cunha xestión paisaxística complexa (pola diversidade de usos e intereses, por exemplo). Na Plana de Lleida, por exemplo, considerouse unha Paisaxe de atención especial a zona afectada polo proxecto de regadío da canle Segarra-Garrigues, que se estende de norte a sur do ámbito territorial. Ou a paisaxe fluvial do río Segre, pola súa singularidade e polas posibilidades de creación do parque fluvial que abarcaría un territorio que vai máis alá da cidade de Lleida.

Un terceiro aspecto para destacar é o inventario dos diferentes valores da paisaxe, xa sexan tanxibles ou intanxibles, algúns dos cales se cartografaron. Neste sentido, intentouse facer unha valoración dos valores estéticos, entendidos como aquela capacidade que ten a paisaxe de transmitir un determinado sentimento de beleza. Tamén os valores ecolóxicos, que determinan a calidade do medio natural, ou os valores históricos, máis relacionados coa pegada do ser humano ao longo do tempo. Tamén o uso social da paisaxe, o seu valor máis produtivo, os valores relixiosos ou espirituais, que no seu conxunto están relacionados con prácticas e crenzas relixiosas. Na pantalla podedes observar diferentes mapas de valores de paisaxe (mapa de valor ecolóxico, mapas de cambios de transformación de cor da paisaxe dependendo da estación do ano, mapas de valor histórico e de valoración estética).

Velaquí algunhas fotografías destes valores: o desfiladeiro de Mont-Rebei, que é unha zona cun alto valor recreativo ademais de ecolóxico, as barracas de Piedra Seca como exemplo de valores históricos, a néboa en Lleida considerouse como un elemento de identidade, ademais dun elemento estético da paisaxe e así se cartografou.

Outro tipo de mapa de grande interese é o de grao de exposición visual. Por exemplo, no estudo de visibilidades da Plana de Lleida, as zonas máis escuras corresponden ás zonas de máis exposición visual das paisaxes de Lleida. Este mapa é de grande interese para a planificación territorial para contribuír á determinación do impacto visual de calquera elemento

que se pretenda situar en cada punto do territorio. Para elaborar este mapa partiuse do estudo das visibilidades dende as principais estradas e autopistas que cruzan este territorio, dende as poboacións e dende os puntos de maior afluencia.

Outro tipo de mapas que se elaboraron son de miradoiros e principais percorridos. Os miradoiros, dende os cales se poden observar as diferentes características das unidades de paisaxe identificadas, considéranse estratéxicos por estar situados en estradas, próximos aos núcleos urbanos e moi accesibles.

Tamén se cartografaron os impactos paisaxísticos, entendidos como aqueles fenómenos que teñen ou poden ter unha determinada incidencia sobre a paisaxe. É o caso de determinadas infraestruturas, da Canle Segarra-Garrigues (que transformará en regadío unha ampla extensión actual de secaño), ou das zonas cunha alta concentración de granxas pouco integradas na paisaxe, entre outros.

Despois de toda esta análise da cal só lles puideron mostrar unha parte, os catálogos definen os obxectivos de calidade paisaxística. Estes obxectivos pretenden responder á pregunta: ¿que paisaxe queremos? Velaquí un exemplo dun obxectivo de calidade paisaxística que poderíamos considerar que é xeral para toda Cataluña: queremos paisaxes vivas que admitan a súa evolución pero que preserven o seu carácter.

Os obxectivos de calidade paisaxística definíronse por ambos ámbitos territoriais (Camp de Tarragona e Plana de Lleida), vinte en cada un, e para cada unha das unidades de paisaxe (en número diferente segundo a unidade). Na pantalla pode observar algún exemplo dun obxectivo de calidade paisaxística para o ámbito da Plana de Lleida... Refrérese á implantación de Parques Solares, que é un debate existente hoxe en día en Cataluña. Cremos que deben existir uns criterios de ordenación dende un punto de vista paisaxístico, sen evitar o necesario avance na produción de enerxías alternativas. Neste sentido, un obxectivo de calidade paisaxística definido é o de dispoñer duns parques solares de pequena dimensión adaptados ás realidades locais e integrados no territorio que o rodea.

Para cada obxectivo de calidade paisaxística definíronse criterios e accións para conseguir este fin. Estes criterios e accións son os que, tendo o obxectivo de calidade paisaxística como referencia, o Departamento de Política Territorial e Obras Públicas deberá traducir en directrices de paisaxe no planeamento territorial.

Para mostrarlles os criterios e as accións volto ao exemplo dos parques solares. Un criterio que inclúe o catálogo da Plana de Lleida é excluír os parques solares en paisaxes de alta fragilidade ou exposición visual que se recoñecen no catálogo. E unha acción que se propón é que a Generalitat aprobe unha normativa para ordenar a instalación das instalacións fotovoltaicas no solo non urbanizable.

Somos conscientes, e con isto vou terminando, de que o contido da parte propositiva dos catálogos de paisaxe, que é ambiciosa, non vai transcribirse con fidelidade no Plan Territorial Parcial correspondente. Velaquí o debate establecido nestes momentos entre o Observatorio da Paisaxe e o Departamento de Política Territorial e Obras Públicas: ¿como incorporar as propostas de criterios e accións na planificación territorial? Este é o principal reto agora mesmo.

Para poder identificar, valorar ou analizar os aspectos máis intanxibles da paisaxe, os máis relacionados coa percepción, foron fundamentais os resultados do proceso de participación e consulta pública. Esta participación produciuse de maneira transversal ao longo de todo o proceso e desenvolveuse a través de tres mecanismos: o primeiro foi a realización de entrevistas profundas a axentes da paisaxe, estes son os representantes da administración, de entidades sociais, de colectivos ecoloxistas, de sectores económicos (por exemplo, a Unión de Payeses ou os promotores de parques eólicos). Realizáronse varias entrevistas, máis de trinta para cada catálogo, nas cales se pedía aos entrevistados opinión sobre as diferentes unidades de paisaxe, así como a súa valoración. Un segundo mecanismo foi unha consulta a través da Web do Observatorio da Paisaxe á cal me referirei a continuación. Por último, realizáronse consultas a persoas expertas, coñecedoras deste territorio, coa mesma intención. Nestas entrevistas pedíáselles que falasen en representación de cada unha das entidades que representaban.

Aquí poden observar un exemplo da consulta que se organizou a través da Web do Observatorio da Paisaxe, baseada na percepción das paisaxes. Unha vez dentro da consulta, o usuario podía escoller calquera unidade de paisaxe e debía responder a diferentes preguntas sobre o seu estado de conservación, valoración paisaxística ou facer propostas de mellora. Ao final da consulta, o usuario obtiña un salvapantallas de obsequio, con diferentes paisaxes do Camp de Tarragona e da Plana de Lleida, realmente bonitas.

E por último: ¿cal é o resultado final dos Catálogos da Paisaxe? Ambos os dous teñen un primeiro volume dedicado a todo o ámbito territorial. Empeza por un estudo, unha caracterización deste ámbito territorial, isto é a descrición do seu carácter (os aspectos naturais e humanos, a súa evolución histórica, a expresión artística da paisaxe, os seus valores, as dinámicas actuais, así como impactos, riscos e oportunidades). Segue coa definición dos obxectivos de calidade paisaxística para todo o ámbito territorial e a proposta de medidas e accións. Os catálogos presentan un segundo volume dedicado exclusivamente ás diferentes unidades de paisaxe, que presentan un formato en fichas, todas coa mesma estrutura, que inclúen a mesma información mencionada pero de forma detallada para cada unha destas unidades de paisaxe (son fichas de entre dez e doce páxinas, en formato DIN-A3, complementadas con moitas fotografías que ilustran as análises). Nestas fichas tamén se inclúe un estudo de como a literatura ou a pintura tratou cada unha das diferentes paisaxes ao longo da historia. Os catálogos tamén inclúen, como vistes, unha parte cartográfica, e un inventario de axentes da paisaxe, así como un arquivo fotográfico representativo das diferentes unidades de paisaxe, valores, impactos, etc. Todo este material é o que o Departamento de Política Territorial e Obras Públicas vai someter a información pública. Como xa lles comentei, todos estes detalles están descritos no Prototipo de Catálogo de Paisaxe que está dispoñible na web do Observatorio. Por outro lado, os catálogos estarán a disposición de consulta pública na web, unha vez sometidos ao trámite administrativo de información pública.

Dúas reflexións finais: en primeiro lugar, entendemos que os catálogos axudan a asumir, por parte dos departamentos que planifican o territorio, que os valores da paisaxe son esenciais para a ordenación e a xestión do territorio en beneficio da calidade de vida da sociedade. En segundo lugar, os catálogos de paisaxe abren a porta a unha adaptación progresiva da integración da paisaxe en todos os ámbitos da acción do goberno, nos diferentes departamentos sectoriais, fomentando un proceso de aprendizaxe institucional e social. Neste sentido, a creación do Observatorio, o desenvolvemento destes catálogos, e todas as iniciativas de paisaxe que se están desenvolvendo, constitúen unha magnífica oportunidade para reflexionar sobre todo o modelo territorial que temos en Cataluña, que é unha reflexión, ademais, que entendemos que debe estar baseada nun diálogo non só entre administracións, senón entre estas administracións e a sociedade civil.

Moitas grazas pola súa atención.